



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Carme González Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **790 (11/PNC-000045)**, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da cesión das taxas de faros e sinais marítimas para o sostemento da súa actuación en materia de salvamento marítimo, incluída na orde do día da Comisión 8^a prevista para o vindeiro 22 de xaneiro de 2021.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar a transferencia á Galiza das competencias sobre:

-Portos de interese xeral do Estado: Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Ferrol-San Cibrao e adscribilos a Portos de Galiza.

-Navegación marítima, inspección de buques, salvamento e loita contra a contaminación para xestionar, e incluso eliminar, as taxas e impostos directamente dende Galiza: faros, Marpol, material de salvamento, inspeccións, certificados, tarxetas, aros salvavidas, bengalas, botiquíns, etc...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Mentre non se produce o traspaso de competencias, demandar do goberno do Estado a cesión da totalidade das taxas recadadas por sinal marítimas ao goberno galego.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 20/01/2021 10:49:24

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2021 10:49:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **2822 (11/PNC-000311)** Sobre o inicio da execución polo Goberno galego do proxecto para a dotación do porto da Pobra do Caramiñal de novos vestiarios.

Emenda de Substitución:

Débese substituir a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato a execución do proxecto de novos vestiarios para o Porto de A Pobra, condicionando ese inicio á aceptación dalgunha das propostas formuladas por Portos por parte dos consignatarios, e á aceptación das condicións legais sobre tales melloras”.

Santiago de Compostela, 21 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/01/2021 18:00:34

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/01/2021 18:00:52



Á Mesa da Comisión 8^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da cesión das taxas de faros e sinais marítimas para o sostemento da súa actuación en materia de salvamento marítimo (doc. Núm. 790), incluída na sesión da dita comisión prevista para o día 22 de xaneiro de 2021.

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que analice unha posible modificación do actual modelo de taxas de faros e sinais marítimas.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 21/01/2021 16:58:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/01/2021 16:58:52

